
Holcus mollis L., 1759

- herba triga, h. trigueira, h. brancal, h. trigá lanar, h. leiteira
- heno blanco, h. blando, cañota suave, vana espiga
- beldur belar
- herba molla
- meadow soft grass
- erva molar, erva temporã



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Liliopsida**	**Poales**	**Poaceae**	***Holcus***

ORIXE

Europa e oeste de Asia.

CARACTERÍSTICAS

Perenne, cespitosa, pilosa só nos nós, con talos de ata 140 cm. Follas planas, con lígula ovalada, enteira ou lacerada de 1-4 mm. Inflorescencia en panícula ovalada de 3-17 mm, a miúdo lobulada, apardazada trala floración. Espículas ás veces algo purpúreas. Glumas ciliadas nos nervios. Lema da flor inferior sen aresta. Lema da flor superior con aresta subterminal, xeniculada e exerta, sobrepasando a espícula por 1-2 mm.

HÁBITAT

Zonas de claros en bosques, pasteiros, praderías, breixeiras e áreas perturbadas polos humanos. Prefire solos húmidos, cunha boa drenaxe, ácidos e de textura lixeira a media, e con alta materia orgánica.

DISTRIBUCIÓN

Rexións de Europa, norte de África, América do Norte, América do Sur, Australia e Nova Zelandia.

CURIOSIDADES

Ten unha estreita relación co seu parente cercano, *Holcus lanatus*, ata o punto de que ambas especies poden hibridar de forma natural para daren lugar a unha terceira especie, o *Holcus x hybridus*.